

# COLEXIO DE CERVO



NÚM. 23 AÑO 2024

## SUMARIO NIN QUITO NIN POÑO

SAÚDE PARA TODOS I	PÁX. 4
SOMOS UNHA PIÑA	PÁX. 11
A CURUXA CATUXA	PÁX. 12
AS NOSA PRANTAS	PÁX. 13
DÍA DO LIBRO	PÁX. 14
LIBROS MOLONES	PÁX. 15
RIR SEN FACER RUIDO	PÁX. 17
AXENDA 2030	PÁX. 18
UN CURSO CHEO DE EMOCIONS	PÁX. 19
OBRADEIROS DE INFANTIL	PÁX. 21
VIAXE A INGENIO	PÁX. 22
UN COLE DE PAZ	PÁX. 30
A CAZADORA DE ESTRELAS	PÁX. 32
EXPERIMENTOS E RECETAS	PÁX. 33
VOZ NATURA	PÁX. 40
CERVICULTORES	PÁX. 41
CICLO DA AUGA	PÁX. 42
CAMIÑANTES DO ESPAZO	PÁX. 43
LABORATORIO DE PUCA	PÁX. 45
CONCURSO PRENSA ESCOLA	PÁX. 46
ELECCIONS	PÁX. 47
OBRADEIRO COLLAGÉ	PÁX. 48
OBRADEIRO "PONTE NAS ONDAS"	PÁX. 49
PALABRAS DE CAMELO	PÁX. 50
VISITA A VILADONGA	PÁX. 51
VISITA A SANTIAGO	PÁX. 52
VIAXE A BADAXOZ	PÁX. 53
PASAPORTE ARTÍSTICO	PÁX. 57
LUISA VILLALTA	PÁX. 58
PROXECTO BICHOS	PÁX. 59
NOTICIEIRO FRONTEIRO	PÁX. 61
XUBILACIÓN DE PEPE	PÁX. 62
PASATEMPOS	PÁX. 63

# EDITORIAL

ESTÁS A OLLAR UN NOVO NÚMERO DO XORNAL ESCOLAR DO CEIP DE CERVO, "NIN QUITO NI POÑO". PODEREDES VER UNHA MOSTRA DAS ACTIVIDADES QUE SE REALIZARON AO LONGO DESTA CURSO... VEREDES QUE ESTIVO CARGADIÑO DELAS; VIAXES E SAÍDAS PRETO E LONXE, OBRADOIROS, EXPERIMENTOS, VISITAS, POESÍA, TEATRO, E MOITAS EXPERIENCIAS E EMOCIÓN VIVIDAS...

DENDE O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA QUEREMOS TAMÉN RECORDAR A LUISA VILLALTA, HOMENAXEADA NAS LETRAS GALEGAS DESTA ANO E CONVIDARVOS A QUE DESCUBRADES A SÚA PALABRA.

PARA COMEZAR O DESFRUTE DESTA NOVO NÚMERO DO NOSO XORNAL, COMEZADE CUNHAS PALABRAS DA ESCRITORA HERCULINA. DESEXÁMOVOS UNHAS FELICES VACACIÓNS E LECTURAS.

BICOS E APERTAS A MOREAS E DEICA O VINDEIRO CURSO!!

A palabra non é escrita, é soñada  
entre o soño do sonido, incolora  
entre as cores do sentido, acesoría  
como a ausencia imprescindible e o nada.

*Música Reservada, 1991*

# SAÚDE PARA TOD@S




Durante o 1º trimestre deste curso o alumnado de 5ºEP estivemos desenvolvendo un proxecto chamado SAÚDE PARA TOD@S, posto que un dos obxectivos principais do noso colexio é a **promoción de vida activa e saudable e a eliminación de malos hábitos**, como o sedentarismo.

*Pero o primeiro tivemos que aprender é que a saúde é un estado de completo benestar físico, mental e social.*

Algúns factores que inflúen na nosa saúde son:

- A **atención sanitaria**: é máis doado estar san se o país no que un vive ten un amplo sistema de protección da saúde.
- **Estilo de vida**: os hábitos saudables protexen e melloran a nosa saúde. Nós sabemos que é importante facer deporte, alimentarnos axeitadamente mantendo unha dieta equilibrada e suficiente, consumir froita, verduras ... e ter paz mental. Intentamos seguir estas indicacións no noso día a día e ata **plantamos e mantemos o invernadoiro!** Este ano **tivemos moitas coliflores**; que son moi saudables!
- **Contorno que nos rodea**: a escaseza de auga e alimentos, etc... poden empeorar a nosa saúde.
- **Características persoais**: son factores hereditarios. Estas características poden evitar ou favorecer o desenvolvemento de determinadas enfermidades.





Pola súa banda, a enfermidade é a **diminución** ou a **perda** de saúde.


Cando unha persoa se sente enferma percibe **os síntomas da enfermidade**

que padece.

Algúns efectos da enfermidade pódense detectar ou medir, son os signos da enfermidade, aínda que tamén podemos ter síntomas, como dor de cabeza...




En ocasións para curarmos precisamos tomar medicamentos e nós este ano **investigamos sobre Alexander Fleming**, pai da Penicilina; un antibiótico.

 **SAÚDE PARA TOD@S**  
**QUEN É ...**



**ALEXANDER FLEMING**

Alexander é un científico e médico británico que sobretodo estivo toda a súa vida estudando as bacterias científicamente e tamén foi o que descubriu Penicilina. Un antibiótico efectivo contra as enfermidades infecciosas bacterianas. No ano 1945 gañou o Premio Nobel en medicina polo seu descubrimento. Un antibiótico é un composto químico ou substancia que mata ou impide o crecemento de certas clases de microorganismos (bacterias). A diferenza entre as infeccións víricas e bacterianas son que as infeccións víricas son causadas por un virus, e as bacterianas por bacterias. As que se poden tratar con antibióticos son as bacterianas. Fleming foi considerado un heroe nacional grazas a que o seu descubrimento revolucionou a MEDICINA.

**PAI DA PENICILINA!**  **ANXO**



Para apoiar as nosas aprendizaxes tivemos unhas xornadas de saúde no noso cole, nas que diferentes profesionais deste ámbito, é á vez familiares, viñeron a falarnos dos seus traballos. Foi moi interesante! A continuación deixámosvos unha reportaxe gráfica destas Xornadas e aproveitamos para dar as grazas, de novo, aos participantes!



Aaron Paleu Quelle (5ºEP)

# OBRADOIRO RCP

O alumnado 4º, 5º e 6º de primaria tamén tivemos un obradoiro de RCP para conmemorar o Día Internacional da Parada Cardíaca.

As siglas RCP significan reanimación cardio pulmonar.

Este obradoiro impartíunolo Francisco Muñoz, médico anestesista, que quixo incidirnos na gran importancia que teñen os primeiros auxilios, xa que son as primeiras actuacións ante unha emerxencia médica.



Héctor Campo Prado (5º EP)

# CARREIRA SOLIDARIA



Por un ano máis celebramos, o 30 de maio de 2024, a **CARREIRA SOLIDARIA** do CEIP de Cervo, esta vez nas pistas de atletismo de San Cibrao.

Colaboramos coa **ONG Save The Children** na actividade “**Kilómetros de Solidaridade**”, co obxectivo de recaudar diñeiro para donalo a esta organización que pretende axudar á infancia máis desfavorecida.



Héctor Campo Prado (5º EP)

NIN QUITO NIN POÑO  
EDL6



# DÍA DA EDUCACIÓN FÍSICA NA RÚA

O Día da Educación Física na Rúa celebrouse o día 17 de abril de 2024 en Ribadeo, co galo de **seguir dando visibilidade á importancia da actividade física para evitar o sedentarismo**, o aumento das horas de educación física para os nosos rapaces e rapazas, país e nais e a toda a sociedade da que formamos parte.

Nesta ocasión xuntámonos alumnado de moitos coles da nosa provincia, Lugo, especialmente da Mariña Lucense, para gozar todos xuntos de multitude de deportes. Foi unha xornada moi entretida!



Anxo Lamelas Piñeiro (5ºEP)

NIN QUITO NIN POÑO  
EDL6

# DESCANSOS ACTIVOS

Tamén para incentivar o exercicio físico e desconectar un pouco a mente durante a xornada lectiva, cada día faise unha parada para facer os “**descansos activos**”.

Fanse unha vez ao día e duran 10 minutos ou algo menos.

Os “descansos activos” empezan as 10:20 e acaban as 10:30, aínda que o horario é flexible.

A súa utilidade principal é despegar a mente dunha materia a outra e chega tanto ao alumnado de Infantil como de Primaria, só que estes descansos son algo distintos e adaptados á idade.

## FROITA DURANTE OS RECREOS

**Consumir froita durante os recreos é moi importante** para manter unha alimentación saudable e ter enerxía para xogar e aprender! Por iso no noso colexio se dá durante os tempos de lecer. É o conserxe o que se encarga do seu reparto!

A froita é moi variada! Uns días toca plátano, outros días toca pera, mazá, fresas, nísperos... En fin, intentando que sexa froita de tempada. A miña favorita é o caqui!



Anxo Lamelas Piñeiro (5ºEP)


# SOMOS UNHA PIÑA



\* NIN QUITO NIN POÑO \*


# A CURUXA

# CATUXA



\* NIN QUITO NIN POÑO \*

# AS NOSAS PLANTAS



\* NIN QUITO NIN POÑO \*



FELIZ DIA








DO LIBRO







\* NIN QUITO NIN POÑO \*

# LIBROS

# MOLOONES



\* NIN QUITO NIN POÑO \*



COÑECESESTE LIBROSMOLONES?

PINTA MOITAS ESTRELAS SICHE  
GUSTOUMOITO

PINTA POUCASESTRELAS SICHE  
GUSTOUPOUÇO











\* NIN QUITO NIN POÑO \*







SORRISO:



RIR SEN



FACER RUIDO

\* NIN QUITO NIN POÑO \*










# AXENDA 2030



Durante este curso, o alumnado de 3º de EP, investigou sobre tres ODS da Axenda 2030, cos que crearon diferentes campañas de concienciación.



# 4º DE PRIMARIA, UN CURSO CHEO DE EMOCIONS

O curso chegou ao seu fin! Durante estes meses, exploramos o mundo das emocións a través de actividades interactivas e dinámicas que nos propuxo Puca. Traballamos con robots que nos axudaron a comprender a tecnoloxía e diferentes aprendizaxes. Realizamos experimentos científicos e plantamos no invernadoiro, entre outras moitas actividades. Tamén despedimos a dúas compañeiras e démoslle a benvinda a outra na nosa clase.

Ademais, gozamos de emocionantes excursións que nos permitiron experimentar aventuras fóra da aula. Fomos a Lugo, a Coruña, Santiago de Compostela, ao Castro de Viladonga... Cada actividade estivo deseñada para facernos reflexionar, aprender e divertirnos ao máximo. Foi unha experiencia inesquecible, chea de alegría, descubrimentos e moitas sorpresas.

Gracias a todas e todos por participar e facer deste curso algo tan especial!



\* NIN QUITO NIN POÑO \*

# 4º DE PRIMARIA, UN CURSO CHEO DE EMOCIÓN



Saída a Santiago de Compostela, na cidade da Cultura.



Saída a Lugo.





Arriba na despedida de Pepe, á dereita arriba comendo despois de recoller o premio de Voz Natura e á dereita abaixo na saída ao Castro de Viladonga.




**\* NIN QUITO NIN POÑO \***

# OBRADOIROS DE INFANTIL



Unha vez á semana, os nenos e nenas de Infantil fan equipos rotativos para poder asistir aos OBRADOIROS de cociña, natureza, xogos e experimentos.



# A NOSA VIAXE A INGENIO GRAN CANARIA

**6º PRIMARIA**

**20 - 24 de maio de 2024**

**“NUEVOS ESPACIOS DE APRENDIZAJE  
PARA UNA EDUCACIÓN INCLUSIVA”**



**\* NIN QUITO NIN POÑO \***

# LUNS 20

Á 1:30 h. saíu o bus de Cervo cara ao aeroporto de Santiago.  
Pasámolo moi ben: cantamos, bailamos, xogamos, durmimos.

Cando chegamos ao aeroporto, escaneamos os billetes do vó,  
pasamos os controis de seguridade e fixemos unha fila para  
embarcar.

No avión divertímonos moito. Xogamos, rimos, durmimos,...

Cando aterrizamos en Gran Canaria (Las Palmas), almorzamos no  
aeroporto, no bar e os profesores colleron un café (alí é unha hora  
menos).

Despois de almorzar, collimos o bus para ir ao acuario "Poema  
del Mar" en Las Palmas cidade. Alí esperábanos unha guía  
(Ángela) que nos foi explicando que tipos de peixes había e  
moitas cousas máis. Gustounos moito ver os cocodrilos Coco e  
Drilo. Son unha parella que tiveron ovos, xa fai unhos días que os  
cuidadores llos quitaron para poñelos nunha incubadora para que  
estiveran máis quentiños e que naceran sans.

Cando saímos do acuario as 11:30, fomos no autobús ao colexio  
C.E.I.P Doctor Juan Espino Sánchez en Ingenio a deixar as maletas  
mentres non íamos ao aloxamento.

Despois disto fomos comer a merenda de media maña á Plaza de  
la Candelaria.

Logo recolleemos as maletas e fomos andando ata a "Casa  
Verde".



Despois de mirar a casa, deixar as maletas e facer os  
grupos das habitacións, fomos comer. Comimos no  
restaurante "El Cazadores", onde había para escoller  
unha serie de comida. Algúns comeron demasiado (xa  
que era moita comida) e sentoulles mal.

Despois dirixímonos á Casa Verde, onde esperamos  
un pouco, ata que as profesoras nos dixeron que  
íamos comprar.

Saímos cara ao súper, pero antes, recolleunos Cati (a  
directora do C.E.I.P. Dr. Juan Espino Sánchez), ela  
guiounos ata o supermercado que hay alí. Esperamoe a  
que as profes, fixeran a compra (auga, moita para ter na  
casa toda a semana).

Volvimos á Casa Verde. Alí, estivemos escribindo o  
diario na terraza de arriba, duchámonos, e chamamos  
ás nosas familias.

Máis tarde chegou a cea (pizza e ensalada), todos  
ceamos para despois descansar.

E... FIN DO DÍA!!

Inés Muñoz e Iria Sierra - 6º primaria

# MARTES 21

Maya A.L e Francisco M.M


Para iniciar este martes levantámonos e fomos almorzar todos xuntos no patio da Casa Verde onde nos aloxamos. Puxemos a roupa e preparamos a mochila para a escola, porque hoxe íamos coñecer o colexio Dr. Juan Espino Sánchez! Lista a mochila, collimos unha froita para merendar e fomos andando cara á escola. Tivemos moita sorte de poder quedarnos na Casa Verde porque só está a 5 min. camiñando!



Cando chegamos á escola, Marco, o xefe de estudos, guiounos ata a entrada principal (porque hai 2 entradas no colexio). Entramos e había unhas escaleiras nas que estaban algúns rapaces con carteis que poñían: ¡Bienvenidos!. ¿Que tal estáis?; ¡Estábamos fritos por veros! Cando vin os carteis deume un pouco de vergoña porque nos miraban pero non decían nada. Era un pouco incómodo! Arriba, no patio, había centos de nenos! Tanto pequenos como grandes, e que non faltan os profes! Vimos que no centro estaban os de 6º cuns tambores e caixóns (un instrumento que é unha caixa que si lle das palmadas sona oco). Recibíronnos cunha bonita canción chamada "El paraíso"; esta canción é moi pegadiza e bonita

xa que fala sobre que vive nun arquipélago no que todos se queren. Decía algo así: "...Vivo en un archipiélago, en dónde se toca el tambor!"

Os nenos de infantil estaban colocados en orde axitando unhas bandas de cores que si os mirabas de lonxe formaban a bandeira Canaria! Os maiores estaban nunha especie de gradas aguantando un cartón coas Illas Canarias. Eles tamén estaban colocados para que as illas quedaran coma no mapa! Fixérono xenial, non podería pedir un recibimento mellor!




\* NIN QUITO NIN POÑO \*



# MARTES 21

Maya A.L e Francisco M.M



A continuación leváronnos ao salón de actos onde nos deron a benvida, un discurso e algúns agasallos: o famoso chocolate Ambrosía Tirma, típico canario, e un marcapáxinas. Despois, repartímonos en dous grupos para ir a coñecer a escola. Ancor e Mariam fixéronnos un recorrido para que soupéramos onde estaba todo. Cando acabamos o recorrido, xa era hora da merenda. Había moitísimas cousas! Ao final non comimos a froita á merenda (pero íamola necesitar despois!)! Primeiro merendamos e despois salimos a xogar. Nesta escola non se podía comer no patio, había que esperar a rematar de comer! O patio era una cancha de baloncesto, dúas explanadas de fútbol e un pequeno campo no que se xogaba á petanca. Xogamos á petanca, eles chámano “bola canaria”. É exactamente igual que a petanca, pero na bola canaria podes adiantar un pé para lanzar.



Cando rematou o recreo, tocóume nun grupo no que fixen unha nova amiga, Evelyn! Na aula de 6<sup>o</sup> B fixemos uns robots radio control con IA, parecíase moito a outra actividade que fixemos no noso cole chamado Scratch; esta actividade non me gustou moito, a verdade. Tiñamos dúas tarxetiñas que se conectaban ao robot, pero primeiro había que programalas. Cando o fixemos todo conectamos un cable co ordenador e coa tarxeta para que se descargara todo, a continuación de rematar con esta tarxeta fixemos o mesmo coa outra. Para rematar a actividade colocamos o robot nun circuito. Era moi complexo movelo!

Ás 13:30 h. fomos comer, había puré con gofio, unha comida típica canaria, e pescado con ensalada acompañado dun cacho de pan e un iogur.

Como aquí son máis de 400 alumnos, tiñamos turnos. Nós comimos no segundo turno de tres que había. Comimos con 1<sup>o</sup>, 2<sup>o</sup> e creo que 3<sup>o</sup>. Cando entramos, as mesas xa estaban listas, e había bandexas como as que poñen nas películas nas que nun lado está o puré e no outro o peixe!

Outra cousa que me sorprende moito, era que podías comer todo o rápido que quixeras porque salías a xogar cando acabaras de comer (menos os de infantil que tiñan que saír coas súas profes)!

# MÉRCORES 22

O mércores levantámonos ás 7:30, almorzamos e lavamos os pratos e os dentes; collimos as cousas para ir ao cole. Chegamos ao cole ás 9:00 h. e chegaron os de Badajoz.

Fomos ao Concello de Ingenio os nenos e nenas dos tres coles, alí estaba a alcaldesa. Falounos sobre Ingenio e moitas cousas máis.

Volvimos ao cole e fixemos tres obradoiros: un de baile (o baile tradicional de Gran Canaria) o seguinte era o de inglés, no que había que presentarse e xogamos a un xogo que era decir dúas mentiras e unha verdade.

No tempo de recreo merendamos cousas típicas de Canarias.

A última actividade da mañá foi unha visita ao Centro de Interpretación onde vimos restos prehistóricos, e sobre a historia de Ingenio.

Volvimos ao cole e a cada grupo tocáballe un xogo tradicional de Canarias. Comimos no comedor e despois baixamos ao patio ata as 15:30 (estivemos xogando ao fútbol) .



Pola tarde fixemos unha visita á cidade de Las Palmas. Visitamos os barrios de Vegueta e Triana. Mentres íamos andando polos barrios, a nosa guía ensinábanos e contábanos historias e curiosidades de todas estas zonas.

Tamén fomos á praia de Las Canteras, aquí bañámonos unha hora aproximadamente, ao saír da praia fomos andando ata o centro comercial Las Arenas cear ao Splits.

Despois collimos o bus para ir ao noso aloxamento Casa Verde. Chamamos ás nosas familias, duchámonos, lavamos os dentes e fomos para a cama.

Rita e Mara

# XOVES 23



O xoves levantámonos ás 7:30 a.m e aseámonos, vestímonos, desayunamos (o que máis me gustou foron uns “barquillos” de gofio, que é unha comida típica de Canarias). Hoxe tamén fomos ata o colexio andando (son oito minutos). Cando chegamos todos os colexios fomos ata o campo de Lucha Manindrina chamado “El Chiquero de los Molinillos” a practicar Lucha Canaria, o deporte autóctono de Canarias máis practicado, fanse competicións entre todas as Illas Canarias. Explicáronnos como se facía, vimos videos de competicións, logo déronnos a oportunidade de practicar este deporte e eu ao principio non ía ir por si me mancaba pero despois atrevínme e paseino moi ben. O campo de loita era circular con area, consistía en tumbar ao oponente tirandoi ao chan agarrandoo pola camisa e pantalón. Cando rematou a Lucha Canaria regresamos ao colexio e tomamos a merenda de media mañá no salón de actos da escola. Ás 12:00 h tivemos unha charla dun proxecto de reciclaxe e do horto escolar que están facendo no C.E.I.P Doctor Juan Espino Sánchez e pareceume moi interesante porque no noso cole facemos algo parecido pero non igual e así podemos aprender deles e eles de nós. Despois fomos ver o composteiro do colexio, o horto e tiñan galiñas. No comedor escolar tomamos a comida típica canaria e cando rematamos baixamos ao patio a xogar ao fútbol.



# XOVES 23



Pola tarde fixemos unha excursión as Dunas e Faro de Maspalomas Cando acabaron todos e todas de comer fomos en autobús ata o sur da illa e paseamos un pouco polo paseo marítimo ata chegar a unha praia chamada “Playa de Maspalomas” e bañámonos durante un rato no mar (a auga estaba moi boa, o malo era que había moitas pedras no fondo. Cando xa nos cansamos de nadar estivemos na area e rebozámonos como croquetas. Logo quitámos as areas, vestímonos e fomos a dar un paseo ata o Faro de Maspalomas. Máis tarde fomos no autobús para cear todos xuntos ao barranco de Guayadeque nunhas covas que estaban dentro do barranco. O restaurante chamado “El Centro” era moi guai porque era unha cova, do que nos deron de comer o que máis de gustou foron as papas arrugadas con mojo picón que é unha comida típica de alí. Cando rematamos de cear fomos en autobús ata o noso apartamento e duchámonos, puxemos o pixama, lavamos os dentes, preparamos as maletas xa que o seguinte día xa nos íbamos e... a dormir. Este foi un gran día coma todos os que estivemos en Canarias!


Aitana Orol López e Samuel Rodríguez Barreira 6º





## Venres 24

Despertámonos, vestímonos, almorzamos e fomos cara o colexio. Alí fixemos tres obradoiros: radio escolar, periódico escolar e xadrez. No obradoiro de radio creamos unha noticia, a nosa foi sobre un dinosourio; cada persoa leu unha parte menos unha que controlaba o programa Audacity. O periódico escolar chámase El Chismosillo; para esta actividade déronnos unha tarxeta con palabras aleatorias que tiñamos que añadir na nosa noticia de tolos. No obradoiro de xadrez xogamos unha partida contra a nosa parella. Cando remataron tomamos a merenda de media mañá, e logo fomos ao recreo, máis tarde fixeronnos un acto de despedida, con bailes típicos de alí, tamén participamos nós. Empezaban en dúas filas agarrados da man coa súa parella, despois os de atrais pasaban por debaixo das mans dos de diante hasta formar un corro, tamén o mesmo corro soltábanse das mans e pasaban por debaixo dos outros. Foi moi divertido!!!



Xa pola tarde a “guagua” levounos ao aeroporto. Alí pasamos polo control de seguridade, onde pararon a Aitana e a Samuel para facerlles a proba de droga. No voo algúns durmiron, outros estaban falando co compañeiro do lado, e nós estivemos xogando ao Uno e facendo o Diario dos días que non puidemos facer antes. Chegamos ao aeroporto Rosalía de Castro e alegrámonos moito de pisar outra vez a nosa Galicia!! Para volver ao colexio tivemos que coller un bus, pero antes comimos un bocata de xamón. Chegamos de madrugada e xa nos estaban esperando as nosas familias. Cando as vimos corrimos para darlles un gran abrazo.

ESTA VIAXE FOI ESTUPENDA!!!

**ZAIDA E LUCÍA 6º**

# CERVO UN COLE DE PAZ



RADIO  
NA BIBLIO

Para conmemorar o Día da Paz e da Non Violencia, o alumnado de 5º de Primaria fixemos un programa de radio en directo na nosa emisora “ONDA PUCA RADIO”. O título do programa era: **“CERVO, UN COLE DE PAZ”**.

A continuación, damos conta das nosas aprendizaxes e dos contidos do programa de radio, que poderedes atopar na nosa web!

O noso cole transmítenos paz pola tranquilidade e calma que hai e que se respira ao redor del.

A nós a paz transmítenos unha sensación de calma e armonía que nace no máis profundo do noso ser ata estenderse aos nosos ollos.

Unha persoa en paz está tranquila, apacible e ademais pide as cousas con amabilidade e dozura. **A serenidade e a paz poden entrenarse, coma un músculo ...** Xa sabedes amigos e amigas a PAZ dá felicidade!

## POR QUE SE CONMEMORA ESTE DÍA?



O Día da Paz e da Non Violencia comémórase o 30 de xaneiro, porque ese mesmo día de 1948 foi asasinado Mahatma Gandhi e foi proclamado pola Asamblea Xeral das Nacións Unidas.

De entre os 17 obxectivos para o desenvolvemento sostible da Axenda 2030 o que se atopa relacionado coa paz é o número **16**, que se titula “ **Paz, xustiza e Institucións Sólidas**”, e indícanos que hai que acabar coas guerras, asasinatos e desaparicións

forzadas e **buscar a paz no mundo**.

O premio Nobel da paz é un dos cinco premios Nobel instituídos polo inventor sueco Alfred Nobel.

Outórgase anualmente dende o 1901 á persoa que máis traballa ou traballou en favor da celebración e promoción da paz e da non violencia. Entregase en Oslo (Noruega).

Ao longo dos anos adicóuselle a moitas persoas, como por exemplo: Frederic Passy, Elie Docommun, Charles Albert Gobat, Bertha Von Suttner, Louis Renault, Malala, Barack Obama e Gandhi.

A continuación falarémosvos de : Malala Yousafzay, Barack Obama e Mahatma Gandhi, algúns dos galardoados con este premio.



Mahatma Gandhi naceu o 2 de outubro 1869 e morreu o 30 de xaneiro de 1948 asasinado en Nueva Delhi- India. Foi o dirixente máis destacado do movemento de independencia contra o Raj Británico, polo que participou nunha desobediencia civil non violenta, ademais de ser pacifista político e abogado.

Pola súa banda, **Barack Obama** recibiu o premio Nobel no ano 2009 polos seus extraordinarios esforzos para fortalecer a diplomacia internacional e a cooperación entre as persoas. Era presidente de Estados Unidos.



**Malala Yousafzai** foi unha gran e valente activista pola Paz, á que lle outorgaron o Premio Nóbel da Paz no 2014 por pelexar polos dereitos das persoas, sobre todo nenas, á educación.


Malala actualmente ten 26 anos e sigue pelexando porque todas as nenas e nenos do mundo gocen dos mesmos dereitos e teñan acceso á educación e a un futuro mellor.

Son moitas as aprendizaxes realizadas durante esta tempada do mes de xaneiro, esperamos que a vós vos resulten tan interesantes coma nós!

Recordade:

**“NON HAI CAMIÑO PARA A PAZ: A PAZ  
É O CAMIÑO!”**

Roi Bajatierra Sante (5º EP)




O alumnado de 3º de EP, lemos un libro, durante o 1º e 2º trimestre, titulado “A Cazadora de Estrelas”, que vai sobre unha nena e unha egua que van cazando estrelas para protexelas. Tamén investigamos sobre a constelación de Orión e a súa lenda.





# PAPEL RECICLADO



## MATERIAIS

1. Batidora
2. Cubos
3. Auga
4. Periódicos
5. Reixas ou mosquiteiras

## HORA DE FACER PAPEL!

Empezamos collendo cubos e cortando o periódico en trozos moi pequenos. Unha vez cortados os periódicos nos cubos, enchemos estes de auga.

Pasados uns días, o papel estaba moi mollado así que batimos todo para que quedara un tipo de masa e deixámolo outros días. (1 Semana aprox.)

Unha semana máis tarde estendimos a masa nas mosquiteiras e deixamos escorrer a auga, démoslle volta á mosquiteira, e secamos a auga que quedaba cun pano.

Cando sacamos as mosquiteiras quedou unha masa con forma de folio A4, pero de cor gris en vez de branco.

Cando pasaron unhas dúas semanas, o papel estaba seco.

🌸🌸 Iria, Maya e Inés. 🌸🌸

\* NIN QUITO NIN POÑO \*

# Tinta invisible de limón

## Como o fixemos?

O limón é unha froita que ten unha substancia chamada ácido cítrico e por iso fixemos o experimento de escribir mensaxes secretas.

### PROCEDEMENTO

Paso 1: expremimos o limón nun vaso.

Paso 2: collemos unhas variñas para limpar os oídos.

Paso 3: untamos a punta da vara no zume de limón.



Paso 4: collemos un folio e escribimos algo no papel: o teu nome, un obxecto, a túa cor favorito... Paso 5 (último): cun mecheiro dámoslle calor por debaixo á folla de papel e... Xa estaría! O que pasa e que a nós non se nos via o que escribíramos.

Este foi un experimento fallido, porque non resultou como o esperábamós!



# Limoada

Recollimos algúns limóns do limoeiro do noso patio; exprimímolos, era moi difícil porque era un exprimidor manual. Engadímoslle auga ao zume de limón e mesturámolo un tempo. Engadímos cinco culleradiñas de azucre e mesturamos, servimos en vasiños.

Estaba boísima!!


Acompañámolo cunhas tartaletas de mazá.



Samuel Rodríguez Barreira.



\* NIN QUITO NIN POÑO \*



# OXIDACIÓN DO ferro


Cando deixamos algo de ferro ao aire moito tempo, ao final vemos que acaba oxidándose. Neste taller imos ver que a oxidación é moito máis.

Preparamos 4 vasos con diferentes líquidos:

- No primeiro vaso hai auga con sal.
- No segundo só auga.
- No terceiro non hay nada (o cravo só)
- No último aceite.

O experimento consistía en ver como actuaba o ferro cos diferentes líquidos dos vasos.

O ferro que se oxidou antes foi o da auga con sal, o óxido quedou flotando na superficie!



Seguimos esperando polos demais vasos para que reaccionen, aínda que o vaso do aceite e da auga van avanzando! Pero o cravo só non avanza moito, xa que ao estar en contacto co aire é moito máis difícil que se oxide. Tardará millóns de anos!


Maya A.L

\* NIN QUITO NIN POÑO \*

## OBRADOIRO DE FERMENTACIÓN - ELABORACIÓN DE PAN

### Ingredientes:

- 750 gr. de fariña.
- 450 ml de auga.
- 20 gr. de fermento.
- 1 culleriña de sal.



### Primeira parte:

Antes de nada, preparamos os ingredientes nunha mesa. O primer paso foi medir os ingredientes e pesalos. Máis tarde, desfaciámos o fermento na auga (comprobar medidas na primeira páxina). Despois engadimos o sal, a fariña (comprobar medidas na primeira páxina), de seguido fixemos un oco na fariña para botar a auga co fermento. Por último, todos xuntos mesturamos coas máns a masa ata que se despegaba. Deixámolo levedar 45-60 minutos tapando o bol con papel film e un cachiño de papel de cociña, para que estivera escuro.



### Segunda parte:

Cando pasaron 45 minutos, a profe, repartiu a masa en anacos e cada un de nós fixemos as figuras que quixemos (a nosa profesora díxonos que era mellor facer só unha por que se non non iban cocer ben). Cando as nosas pezas xa estaban rematas, metémolas no forno a 230°C, eu fixen unha tortiña coa letra inicial do meu nome, un i. Pasados 20 minutos sacamos o noso pan, cheira moi ben!!



### Terceira parte:

**A comer!!**



Feito por Iria Sierra, Inés Muñoz e Maya Agustí, de 6º de primaria.

# Tartaletas de mazá



Un día, no cole decidimos aproveitar as froitas que hai no noso patio e na horta exterior, recollimos as mazás que había nas maciñeiras para facer tartaletas. Na clase deixamos as mazás que recollimos cos demais ingredientes e baixamos á cociña coller material: unhas bandexas, cubertos, cuncos, e unha xarra con auga. Mentres uns compañeiros pasaban o rodillo polo hojaldre outros pelaban as mazás. Logo recheamos o cunco con auga da xarra e puxemos as mazás peladas e cortadas. Deixámolas repousar como 5 minutos para que non se oxidaran. Mentres, cortamos o hojaldre en cadriños para, cando pasaran 5 minutos e sacamos as mazás da auga, ter os cadriños de hojaldre á man para meter as mazás neles. Cando xa as tivemos listas, selamos os bordos cun tenedor.

Xa feitas as tartaletas, metímolos no forno entre 15-20 minutos. Cando xa pasaron, sacámolos do forno e esperamos un pouquiño a que se enfriaran.

E xa estaban listas para comer.

Rita Pérez Díaz. 6º P



# BILLAR

## CBX




O día 24 de novembro, o alumnado de 4º, 5º e 6º do CEIP de Cervo saímos cara ao o Club Billar Xove ubicado en Palmeiro (Xove), cando chegamos estaban Auro, Luís, Iván e Manolo na entrada, listos para darnos a benvida ao clube.

Ensinaronos aspectos básicos sobre este deporte explicándonos regras, xogadores famosos coma Efrén Bata Reyes ou Earl Strickland.

Iván ensinounos como son os múltiples tacos de billar coma o *taco de xogo* (serve para xogar), *taco de abrir* (serve para romper no saque) e o *taco de salto* que, como di o seu nome e nos demostrou, serve para saltar unha bola.

Despois leváronnos xogar nas mesas, empezamos facendo algúns exercicios sobre os efectos principais coma o *retroceso* (a bola sae rodando cara atrás), ou o *corrido* (a bola sae rodando cara diante) e sobre puntería facendo así un exercicio no que tiñamos que limar entre dúas bola, rápidamente acabamos estes exercicios, permitíndonos así xogar algunhas partidas.

Tristemente pasousenos volando esta actividade aínda que saímos cunha sorriso na cara e unha lección sobre como xogar este marabilloso deporte.



Erik 6º

# VOZ NATURA

Loita contra as velutinas e o lixo na natureza (Praia de Rueta)

Brigadas Verdes en acción!!

Punto EcoCervo e tarefas de Voz Natura no interior

Flores para dar cor aos nosos patios!!

Traballos no invernadoiro e no exterior

Un Hotel para Insectos!!

\* NIN QUITO NIN POÑO \*





# CERVICULTORES

As nenas e nenos de 3º de EP, investigamos sobre o cultivo da cenoura, do chícharo, da faba e do ravo para cultivalos no noso invernadoiro.



# O ciclo da auga

En 3º, estivemos traballando o ciclo da auga e como reducir a presenza de plásticos en ríos, mares e océanos.



# OS CAMIÑANTES DO ESPAZO DE 5º EP

Na nosa clase este ano, durante o 1º trimestre, convertímonos nuns “Camiñantes do Espazo” e aprendimos moito sobre o noso Universo e a importancia da astronomía. A astronomía é a ciencia que estuda as estrelas e todo o que hai no espazo.

Así, por exemplo, Galileo e Copérnico foron dous astrónomos moi importantes. Grazas a Copérnico entendimos que a Terra xira arredor do Sol, coa súa teoría heliocentrista, non coma coa xeocentrista, na que pensaban que a Terra era o centro do Universo.

Ao longo da historia fixéronse moitos avances neste campo, principalmente grazas a organizacións como a NASA ( Estados Unidos ) e a URSS.


Queremos destacar a misión Apolo XI porque foi a primeira misión tripulada en chegar a Lúa, en 1969. Tres astronautas chamados: Neil Armstrong, Aldrin, e Collins viaxaron no cohete Saturno V e foron uns pioneiros!

Ademais descubrimos que o Universo orixinouse grazas o Big Bang fai uns 20.000.000 de anos. O Big Bang é o principio do Universo. E o Universo é o conxunto da materia que existe no espazo e no tempo, en definitiva todo o que existe e está formado por: constelacións, meteoritos, asteroides, galaxias etc.

A nosa Galaxia chámase Vía Láctea dentro dela atopase o sistema solar no que vivimos. O noso sistema solar é un sistema planetario que está formado por: oito planetas, os Satélites os planetas ananos, os cometas, os asteroides, e unha gran estrela, o Sol.

Estes planetas segundo a súa distancia o Sol son: Mercurio, Venus, Terra, Marte, Xúpiter, Saturno, Urano e Neptuno.

Aprendemos que os podemos clasificar en interiores, que son rochosos; e exteriores, que teñen unha composición gasosa.



O noso planeta chámase Terra e ten as seguintes características:

- É o terceiro planeta con respecto o Sol.
- É o único planeta con vida.
- O 75% da Terra é auga.
- Ten catro capas: Atmosfera, Hidrosfera, Xeosfera e Biosfera.

O noso satélite é a Lúa, que é un corpo rochoso. Grazas o Sol e á Lúa temos os días e as noites. A Lúa ten dous movementos: rotación e translación; a Lúa tarda 28 días en dar unha volta completa ao Sol, e ten catro fases! A Lúa inflúe sobre o noso planeta, sobre as mareas e sobre nós mesmos!

Para apoiar a nosa investigación deseñamos uns modelos planetarios, fixemos marcapáxinas, podcast, programamos os movementos dos planetas con Scratch e moitas cousas máis!



Leire Arias (5ºEP)





# LABORATORIO DE PUCA



Os alumnos de 3º de E.P. en C.E.I.P. de Cervo, fixemos un proxecto sobre a materia: os cambios da materia e as mesturas.

No mes de xuño, na aula bule bule, experimentamos moitas cousas, para poder aprender máis sobre o tema.

Mara Krüger Mosquera

11/6/2024





# Participación no concurso de Prensa Escola

Para participar no concurso de Prensa Escola do Mellor Periodista Infantil e Xuvenil xuntámonos os nenos e nenas de 6º e 2º de primaria. Na clase de 2º de primaria. Foi no mes de Febreiro de 2024.

Os de 6º seleccionamos unha noticia do periódico de la Voz de Galicia que recibimos todos os mércores no colexio. Fixemos un resumo da mesma e fomos á clase dos de 2º de primaria a lela. Cada un dos de 6º sentámosmos cos un ou dous nenos e nenas de 2º de e líamoslles a nosa noticia, unha vez que a entendían a fixeron un debuxo.

Quedaron moi ben e ademais fixérono con alegría.

Óscar Rey



\* NIN QUITO NIN POÑO \*

# AS ELECCIONS MUNICIPAIS

A aula Bule Bule fixemos un traballo sobre as Eleccións municipais 2024. Fixémolo esforzándose e traballando, para aprender moito máis. Na aula creamos partidos políticos, tamén unha campaña e votámos.



Javier Fernández Campo  
Xoel Martínez Sanz

NIN QUITO NIN POÑO  
EDL@

# OBRADOIRO DE COLLAGE



BIBLIOTECA  
CREATIVA

O alumnado de 1º e 2º Ciclo, gozou dunha xornada co ilustrador Carlos Gallego, co que aprenderon a crear collages cos que representaron animais, paisaxes, etc.





# OBRADOIRO DE RADIO CON "PONTE NAS ONDAS"

O 15 de febreiro o alumnado de 5º e 6º de Primaria do Colexio de Cervo recibimos a visita de Damián da **Asociación Ponte Nas Ondas** para ofrecernos **un obradoiro de Radio na Biblio.**

Ao longo de toda a mañá fixemos exercicios de pronunciación e vocalización, dado que el é un gran actor de doblaxe! Isto é moi importante, para que se nos entenda moi ben cando falamos na radio.

Foi moi divertido!

Tamén aprendimos a editar un arquivo sonoro con Audacity, un programa para gravar audios e modificalos para mellorar a súa calidade.

Para finalizar aprendimos a empregar os aparellos da radio e fixemos e creamos un programa colaborativo creando escaletas de radio, por parellas. Isto require: pensar nun tema interesante, que todo teña sentido, poñerlle a música e o mais importante gravar na radio!!



Antía Camino Paz (5ºEP)

# Palabras de Caramelo



Na Aula Bule Bule, lemos o libro "Palabras de Caramelo", de Gonzalo Moure. Trata sobre un neno xordo, Kori, que ten unha gran amizade cun camelo, Caramelo. A raíz disto, Kori aprende a ler e a escribir coa axuda da súa mestra, Fatimetu, e convírtese nun gran poeta.

Puidemos prender curiosidades sobre o Sáhara Occidental e a súa xente, sobre o deserto e sobre a lingua de signos.

**LA VIDA EN EL SÁHARA**  
6. El autor de este libro confiesa que una vez al año viaja a los campamentos de refugiados del Sáhara. ¿Qué has aprendido de ellos en esta lectura? Dibuja en cada recuadro dónde viven, de qué se alimentan, cómo se visten y qué paisaje les rodea.

**VIVIENDA:** *Tentado*

**ALIMENTO:** *Las dactilas*

**VESTIMENTA:** *Un haqel*

**PAISAJE:** *Desierto*

Oración con cada una.

- arena: *areia*  
El deserto es un lugar de arena.
- alfarero: *artista*  
El artista es una persona.
- herbívoro: *bebido*  
La rama es una hierba.
- panecillo: *pan*  
El alfarero hace pan.
- sordera: *sorda*  
Su mano es sorda.
- poeta: *poeta*  
Realista era poeta.
- casero: *caso*  
Yo  tengo  una  casa .

11. Con la ayuda del diccionario, busca palabras de la familia de **arena**.  
*arenoso, arenar, arenoso, arenoso, arenoso, desahogado, arenoso.*

12. Busca en la sopa de letras, 10 palabras del campo semántico de **desierto**.

O	I	M	A	D	U	N	A	S	W	Z	B	O		
A	F	W	U	C	Y	H	B	B	J	A	X	J	V	O
A	O	A	U	Y	E	H	P	T	R	A	Q	G	G	
M	F	I	S	O	J	E	B	A	O	A	B	T	R	Y
P	M	S	O	G	U	L	R	A	A	O	T	A	O	
A	P	A	N	O	W	Q	E	J	S	T	Z	O		
M	J	H	S	L	W	N	O	H	I	T	U			
E	O	A	S	Z	W	M	E	A	S	Z	M	U	S	R
N	N	R	E	G	U	O	E	N	P	U	N	T	A	B
T	O	A	O	A	N	V	J	R	Z	A	V	H	E	R
O	N	U	U	M	M	K	P	E	A	R	T	O	K	M
U	Y	T	T	X	I	N	T	O	Y	O	G	J	Q	
K	D	A	A	S	N	K	M	B	O	C	X	P	T	
A	O	T	U	S	E	R	D	F	S	U	E	K	E	
U	O	L	T	E	M	A	C	N	O	N	U	A	R	U

**PALABRAS DE CARAMELO**

4. Kori es un niño sordo. Normalmente, una persona con esta condición podría comunicarse utilizando la **lingua de signos**. ¿En qué consiste? **Consiste en representar palabras con gestos.** Investiga cómo se dicen las siguientes palabras y expresiones en lengua de signos.

**CAMELLO** **DORMIR**

**COLEGIO** **BUENOS DÍAS**



**PALABRAS DE CARAMELO**

3. Nuestro camello y su amigo, Kori, viven en un continente diferente al nuestro. Fíjate en el mapa y averigua de cuál se trata. Puedes ayudarte de un atlas para buscarlo. Ahora, busca y colorea el país en el que viven Kori y Caramelo: Sáhara Occidental.

*Marruecos*

*Sáhara Occidental*

# Visitamos o Castro de Viladonga e restos romanos en Lugo



O alumnado de 3º e 4º, gozou dunha visita guiada ao Castro de Viladonga, onde puideron elaborar pezas de arxila, ao estilo castrexo. Pola tarde, na cidade das murallas, visitaron diversos puntos con espectaculares vestixios romanos que puideron coñecer de primeira man.





# SAÍDA A SANTIAGO DE COMPOSTELA

O alumnado de 2º Ciclo, tivo a oportunidade de visitar o Museo do Pobo Galego e gozar dunha divertida busca do tesouro, coa que coñeceron algo máis a nosa cultura. Tamén acudiron á mostra Innovart, onde realizaron pequenos obradoiros para familiarizarse con distintas ensinanzas artísticas, deportivas e de idiomas.



# A NOSA VIAXE A BADAJOZ

O alumnado de 5º de EP este ano tivemos a oportunidade de realizar unha viaxe de intercambio educativo co CEIP Arias Montano de Badajoz; dentro do proxecto **“Agrupaciones de Centros Educativos”** do Ministerio de Educación e Formación profesional.

A continuación describimos como foi a nosa experiencia!

## DÍA 1: MARTES, 5 DE MARZO DO 2024

Saímos do colexio ás 10:00 h. En “La Bañeza”paramos a comer e a descansar ata volver coller o autobús rumbo a Badaxoz. Ás 20:45 h chegamos ao noso destino e fomos para o “Hotel Río”, o noso aloxamento ao longo destes días. Máis tarde fomos cear a “El Muelle del Guadiana” co resto dos nenos/as de Inxenio, Cartaxena e Badaxoz. **Foi a primeira actividade de convivencia intercentros.**



## DÍA 2: MÉRCORES, 6 DE MARZO DO 2024

Levantámonos ás 7:30, vestímonos e baixamos almorzar para logo dirixirnos andando ata o colexio “CEIP Arias Montano”.

Alí fixemos unha presentación para coñecernos e unha visita guiada por todo o colexio. Durante o tempo de recreo xogamos con outros nenos e nenas ao Piqué, que é un xogo no que poden participar ata 6 persoas. Póñense tres, un ao lado doutro e os outros tres enfrente. Un xogador colle a pelota de tenis e golpéaa no seu sitio e logo a pelota ten que chegar á outra persoa, que decide se deixar que a pelota bote ou golpeala antes de que rebote.

Despois, repartíronnos en catro grupos e fixemos catro **obradoiros**. Un chamábase **Ludipatio**, que consiste en facer unha sesión semanal



de xogos adaptados para a integración de todo o alumnado da escola.

O segundo obradoiro consistía en facer “**unha lectura consciente**” do libro de “**Alicia en el País de las Maravillas**” e reflexionar sobre o que nos facía sentir. O terceiro chamábase “**Librarium**”, que é unha páxina web na que ti podes ler libros e facer clubs de lectura. O cuarto era de **robótica**.

Xa pola tarde fixemos un **Obradoiro de Capoeira**. A capoeira é unha combinación de acrobacia, baile e outras expresións corporais de orixe afrobrasileira.


Despois o alumnado de sexto fíxonos unha **visita guiada polo “Casco Antigo”** no que vimos a **Alcazaba, a Torre Espanta Perros, a Porta de Palmas e o edificio a Xiraldilla**. Finalmente fómonos cear ao “Casino de Badajoz” e así rematou a xornada.



# DÍA 3: XOVES, 7 DE MARZO DO 2024


Nesta xornada comezamos visitando a **Casa do Concello de Badajoz**. Un rapaz ensinounos a Sala de Exposición da Cidade de Badaxoz, que tiña exposta a “Virgen da Soledad”(Patroa de Badaxoz) e logo ensinounos o Salón de Plenos.

Despois de descansar un pouco e xa de volta no colexio, repartímonos para facer uns obradoiros de **Atención á Diversidade**. Uns eran na Aula TEA e na Aula Aberta, que consistía en facer un xogo para que nos deran unha peza dun puzzle e cantos máis xogos completáramos máis pezas do puzzle conseguíamos e tíñamos que completalo.



Outro obradoiro era de **robótica (ROBOTIZARTE)**, que era un proxecto con pezas de Lego para facer un analizador, que logo ían levar ao Museo Veterinario. Despois fixemos o obradoiro no que manexamos un robot parecido ao Escornabot do noso colexio.

Pola tarde, repartíronnos en dous grupos, e fomos ao **Museo Veterinario**, no que “coñecemos” a **María Cerrato, a primeira veterinaria española**. Vimos unha sala cunha exposición con moitos materiais e instrumentos veterinarios do século XIX, XX, XXI e tamén vimos




como se vían os parásitos nun microscopio. Vimos moitos esqueletos de animais mentres o outro grupo fixo un **obradoiro de BrakeDance**.

Logo ás 18:00 fomos para o colexio e xuntáronos co resto dos compañeiros para dar un paseo ata a **Plaza Alta**, onde nos esperaba un espectáculo de luces e compramos agasaios para as nosas familias. Ás 20:30 fomos cear ao “Japón Tokyo” con todos os colexios. Ao rematar regresamos ao hotel.




# DÍA 4: VENRES, 8 DE MARZO DO 2024



Na última xornada no colexio fixemos un **obradoiro de ciencias**, impartido por profesionais universitarios, que consistía en facer que a auga contaminada se convertera en auga potable e fixemos unha proba na que non había respostas incorrectas.

Ás 12:30 fixéronnos un **baile de despedida** e logo, coa nosa cabeza e o noso corazón cheo de novas aventuras e ensinanzas, emprendimos a longa viaxe de volta!



Teo Varela Fernández (5º EP)

NIN QUITO NIN POÑO  
EDLG



# PASAPORTE ARTÍSTICO



O alumnado de 3º EP, fixou un traballo chamado "Pasaporte Artístico."

Fixémoslo para saber máis arte. Tivemos que facer un autorretrato, investigar

sobre a obra de Pablo Picasso, Van Gogh, Frida Kahlo, etc.

Data 11/6/24

Miguel Fernández Rodríguez



# COÑECEMOS A LUÍSA VILLALTA: LETRAS GALEGAS 2024

Son Luísa Villalta e este ano adícanme a min as Letras Galegas!.  
Nacín o 15 de xullo de 1957, na Vila de Laxe, na Coruña, e os meus pais chamábanse Rafael Villalta e María del Carmen Gomez. No curso 1967-68 comecei os meus estudos de bacharelato no instituto coruñés Eusebio da Guarda.



Na Universidade de Santiago de Compostela matriculeime en Filoloxía Hispánica e rematei os meus estudos como especialista de Galego-Portugués no ano 1982.

A mín Gustábame moito a música entón formei o grupo de música folk instrumental Escanio, xunto con Paulino Martínez Pereiro, Xoán Fernán Bello e Luís Martínez Pereiro.

No ano 1983 acabei os meus estudos como Titulada Superior en violín no conservatorio de Música da Coruña.

No 1988 aprobei as oposicións de lingua literatura galega. O meu primer destino foi no instituto de bacharelato Xosé Neira Vilas de Perillo, en Oleiros.

Logo traballei no IES de Canido (Ferrol) e finalmente fun docente no IES Isaac Díaz Pardo ( A Coruña).

Fun colaboradora en moitas publicacións galegas: A Nosa Terra, Man Común, Grial e Luces de Galicia, entre outras. O Libro das Colunas recolle os meus artigos publicados no Xornal A nosa Terra.

Participei activamente en entidades que defendían o noso idioma: A asociación de escritores en lingua galega e na mesa pola normalización lingüística.



O meu primeiro libro foi unha obra de teatro: "Concerto para un home só" ao que seguiron unha chea máis de libros de poesía, narrativa, teatro, ensaio...

Por desgraza, eu falecín moi nova, na madrugada do 6 de marzo de 2004. Os meus restos descansan no cemiterio coruñés de Santo Amaro.

**VENRES DE RADIO**  
**"COÑECEMOS A LUÍSA VILLALTA"**

BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

O alumnado de 5º de EP realizará un programa especial o vindeiro venres, 25 de maio, para conmemorar o Día das Letras Galegas. Nel darannos a coñecer á homenaxeada deste ano, LUÍSA VILLALTA. Tamén teremos a oportunidade de coñecer algúns dos seus poemas adicados á cidade de A Coruña.

**Horario:**  
**12:00-12:30**

RADIO NA BIBLIA

Amelia Fernández (5º EP)


# OS BICHOS

Na aula Bule Bule estivemos investigando sobre os bichos e traballamos moito. Estivemos semanas aprendendo sobre a súa alimentación, se son oriparos ou vivíparos, onde viven, etc. Tamén fixemos un hotel de insectos para saber como polinizan e para que teñan un lugar onde vivir. E con esa experiencia puidemos saber moito máis sobre os bichos.



Natalia Meitín Castro

12/6/2024



DEBUXO:

PARTE DO HOTEL E MATERIAIS QUE NECESITA: As abellas levanlariñ labirintos de barro na súa parte do hotel, para facer os seus nidos con forma de arceño. A abella, ten na súa parte do hotel, unha tábola de madeira, que ten buratos pequenos.

DEBUXO:

PARTE DO HOTEL E MATERIAIS QUE NECESITA:  
 Primeiro seleccionaremos algunhas plantas aromáticas. E lexiremos unha zona soleada e que este protexida do vento.  
 Materiais: Caixa grande de plástico, mocho, tolo, herba seca, feno e verxas longas e con pequenos folios.  
 Mediamos e marcáremos con un lapis as distintas pezas. Unha vez que a fixemos toda a construción cubrimos o fondo do refuxio.  
 Despois acabamos...

NOME COMÚN: xoanina

NOME CIENTÍFICO: *Coccinella septempunctata*

GRUPO: invertebrados

CARACTERÍSTICAS:  
 As xoaninas voan. En primavera a xoanina está preparada para aparearse. Utiliza as antenas para localizar a outra xoanina. As xoaninas son parecidas aos escarabellos. Teñen 7 manchas no corpo e é vermella. Hai moitas clases de xoaninas.

PARTE DO HOTEL E MATERIAIS QUE NECESITA:  
 Cañas secas, outroncos con boratos.

DEBUXO:

PARTE DO HOTEL E MATERIAIS QUE NECESITA: Mo de irva, cola, un pouco de feno e pifias.

DEBUXO:

PARTE DO HOTEL E MATERIAIS QUE NECESITA:  
 Necesitamos unha stafada de herba para que os caracoles coma e bórbole meno. Hai que que un material reciclado e precisamos unhas cañas de 10 cm con un máis de 50 graos en unha lonxitude de 10 cm.  
 Necesitamos unha stafada de herba para que os caracoles coma e bórbole meno. Hai que que un material reciclado e precisamos unhas cañas de 10 cm con un máis de 50 graos en unha lonxitude de 10 cm.



# OS BICHOS




NIN QUITO NIN POÑO  
EDL6

# NOTICIEIRO FRONTEIRA



## VIAXAMOS POLO MUNDO.



2º primaria Aula Fronteira

Durante este curso en aula Fronteira investigamos sobre os

países dos distintos continentes. Decidimos a que país viaxar, e

creamos o noso pasaporte e tarxeta de embarque para poder

subir ao avión. Aprendimos as instrucións de voo coa azafata.

O noso último voo foi o FR2324 con destino **VERÁN!!**

Por Lily.

# A XUBILACIÓN DE PEPE



O alumnado de 3º EP gixémoslle varios poemas a Pepe (o noso conserxe), aproveitando que estabamos traballando a poesía, homenaxeando a súa xubilación.

Javier Fernández Campos.  
Xoel Martínez Sanza

12/6/2024.





# SOPA DE LETRAS


## COLEXIO DE CERVO

S	C	O	N	S	E	R	X	E	P	S	C	N	R
O	O	O	P	A	K	Q	X	U	U	A	O	S	P
D	L	L	P	C	O	V	R	E	C	T	L	A	R
C	E	P	I	E	O	I	N	Ñ	A	N	E	C	O
E	X	R	G	T	P	M	G	R	S	E	I	V	P
R	I	N	V	O	B	E	E	C	U	M	X	O	E
L	O	I	N	I	E	F	P	D	P	A	O	R	S
A	R	E	L	L	A	F	T	Z	O	R	R	H	E
L	L	F	Z	B	U	X	O	Q	R	R	A	T	P
P	T	E	R	I	S	H	L	R	I	E	P	Ñ	A
E	R	R	R	B	O	I	T	A	P	F	E	P	T

**CONSERXE PUCA COLEXIO CERVO PEPE LER PROFE  
FERRAMENTAS BIBLIOTECA TAREFA COMEDOR PATIO**

Raúl Sanjurjo Freire 3º EP

# ATOPA AS DIFERENZAS




Raúl Sanjurjo Freire 3º EP



# COLEXIO DE CERVO

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA



LUISA VILLALTA (A CORUÑA 1957-2004)

LETRAS GALEGAS 2024

\* NIN QUITO NIN POÑO \*